

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

11832 *REAL DECRETO LEI 2/2000, do 23 de xuño, polo que se modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e outras normas tributarias.* («BOE» 151, do 24-6-2000.)

I

Entre os principios que a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, cita como alicerces do réxime económico e fiscal do arquipélago está a creación dunha Zona Especial Canaria, co propósito de que esta contribúa a potencia-lo desenvolvemento económico e fiscal das illas Canarias, mediante a atracción de capitais e empresas provenientes do exterior.

Desde un principio, a Comisión Europea advertiu sobre a posibilidade de que algúns dos aspectos da regulación da Zona Especial Canaria puidesen presentar problemas de compatibilidade co ordenamento comunitario.

Co ánimo de manter sempre a compatibilidade entre a normativa interna do Reino de España e as disposicións do dereito comunitario, aprobáronse as respectivas modificacións mediante o Real decreto lei 3/1996, do 26 de xaneiro, de reforma parcial da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e a Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Non sendo suficientes os cambios incorporados polas citadas normas respecto da regulación inicial, fundamentalmente pola propia evolución da normativa comunitaria, en particular, en materia de axudas de Estado, e polo proceso de consolidación do mercado interior, a Comisión Europea seguiu advertindo sobre a posible incompatibilidade da regulación do réxime da Zona Especial Canaria co ordenamento comunitario. Por esta razón, o Goberno da Nación, consciente da importancia que a aplicación deste réxime pode representar para a economía canaria, decidiu abrir un período de consultas coas autoridades comunitarias co obxecto de solventalos problemas que lles presentaba a norma vixente, propondo unha nova regulación que lle foi notificada oficialmente á Comisión Europea o 16 de decembro de 1998.

Este proceso concluíu coa autorización manifestada pola Comisión Europea, comunicada por carta ás autoridades españolas con data do 4 de febreiro de 2000, para a modificación do réxime da Zona Especial Canaria, autorización que se concreta no ordenamento interno mediante as modificacións que introduce este real decreto lei, basicamente, na Lei 19/1994.

II

Varias son as novidades que recolle a nova regulación da Zona Especial Canaria, plasmadas no artigo 1, que modifica diversos capítulos do título V da citada Lei 19/1994.

En primeiro lugar, a redución do ámbito temporal da Zona Especial Canaria, en consonancia coa normativa comunitaria en materia de axudas de Estado de carácter rexional, fixándose como límite da súa vixencia o 31 de decembro de 2008, ó tempo que se sinala como data límite para optar a este réxime de axudas o 31 de decembro de 2006.

En segundo termo, considérase a posibilidade de que os investidores que decidan instalarse na Zona Especial Canaria, xa sexan residentes ou non residentes, poidan realizar operacións tanto dentro como fóra do mercado nacional, eliminando así barreiras anteriormente existentes a este respecto.

O ámbito subxectivo de aplicación do réxime da Zona Especial Canaria comprende as persoas xurídicas de nova creación inscritas no rexistro oficial que se crea para o efecto, para o cal deberán satisfacer unha serie de requisitos, entre os que merecen destacarse os de efectuar un investimento mínimo de 16.638.000 pesetas (100.000 euros) en activos fixos, crear un mínimo de cinco empregos e a realización dunha serie de actividades taxadas para conseguir que este réxime poida atraer investimentos que permitan unha eficaz diversificación do tecido productivo canario.

Un segundo conxunto de novidades vén referido ó ámbito organizativo da Zona Especial Canaria, respecto ó cal convén salienta-la creación dunha Comisión Técnica, adscrita ó Consello Rector da Zona Especial Canaria, responsable da emisión de informes vinculantes sobre as solicitudes de inscrición que presenten as entidades interesadas en acollérense ó réxime da Zona Especial Canaria.

En terceiro lugar, introdúcense modificacións relevantes no réxime fiscal aplicable ás entidades da Zona Especial Canaria.

Así, establécense uns tipos de gravame reducidos, variables entre o 1 por 100 e o 5 por 100. O tipo impositivo aplicable dependerá do ano de autorización, da creación de emprego e do tipo de actividade desenvolvida, sendo crecente o tipo e decrecente o incentivo fiscal durante o período de vixencia, para axustarse este réxime, que constitúe unha manifestación das denominadas axudas ó funcionamento, ás disposicións comunitarias.

Os tipos reducidos aplicaranse exclusivamente sobre a parte da base imponible derivada das operacións que se realicen material e efectivamente no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria e ata uns límites sinalados, distintos segundo se trate de actividades industriais, de servizos ou dunha categoría especial de actividades que poden xerar un menor impacto na economía rexional.

A nova regulación que se establece para o réxime fiscal aplicable á Zona Especial Canaria fai necesario

introducir as respectivas modificacións na normativa dos impostos sobre sociedades e sobre a renda das persoas físicas, as cales se incorporan nos artigos 2 e 3 deste real decreto lei, respectivamente.

A reforma ata aquí exposta, que se incorpora ó ordenamento interno polo presente real decreto-lei, pon fin a un longo período de suspensión da posta en marcha dunha das medidas máis importantes adoptadas pola Lei 19/1994, para o impulso do desenvolvemento económico e social das illas Canarias, demora esta que non debe manterse por máis tempo, máxime tendo en conta o reducido ámbito temporal fixado para o réxime da Zona Especial Canaria en relación cos períodos de maduración dos investimentos que se desexa atraer. Por todo isto, queda plenamente xustificado o carácter extraordinario e urxente das medidas adoptadas por este real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución e por proposta do ministro de Facenda, oído o Parlamento Canario, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.*

Un. Modifícase o capítulo I do título V, que queda redactado do modo seguinte:

«CAPÍTULO I

Creación, vixencia e ámbito da Zona Especial Canaria

Artigo 28. Creación da Zona Especial Canaria.

Créase unha Zona Especial nas illas Canarias coa finalidade de promover o desenvolvemento económico e social do arquipélago e a diversificación da súa estrutura productiva, presidida polo principio de estancueidade xeográfica, que se rexerá polo disposto nesta lei e na súa norma de desenvolvemento, sen prexuízo da aplicación da normativa xeral no non previsto expresamente.

Artigo 29. Vixencia da Zona Especial Canaria.

1. A vixencia da Zona Especial Canaria terá como límite o 31 de decembro do ano 2008, prorrogable logo de autorización da Comisión Europea.

2. Non obstante, a autorización da inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria terá como límite o 31 de decembro do ano 2006.

3. O mantemento da Zona Especial Canaria estará condicionado en todo caso ó resultado das revisións periódicas que deba realiza-la Comisión Europea.

Artigo 30. Ámbito xeográfico de aplicación.

O ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria estenderase a todo o territorio das illas Canarias, salvo no caso de empresas que se dediquen á produción, transformación, manipulación ou comercialización de mercadorías cando estas se produzan, transformen ou manipulen na Zona Especial Canaria ou se entreguen desde esta, que quedarán localizadas nas áreas que, dentro do dito territorio, determine o Goberno da Nación, por proposta do Goberno de Canarias.

A distribución insular destas áreas e a súa superficie máxima serán as seguintes:

a) Nas illas de Gran Canaria e Tenerife, un máximo de cinco zonas limitadas, cunha superficie total que non poderá exceder de 150 hectáreas en cada unha das citadas illas.

b) Na illa de La Palma, dúas zonas limitadas, cunha superficie total que non poderá exceder de 50 hectáreas.

c) Nas illas de Fuerteventura, La Gomera, El Hierro e Lanzarote, unha zona limitada por cada illa, cunha superficie unitaria que non poderá exceder de 25 hectáreas.

Artigo 31. Ámbito subxectivo de aplicación.

1. A Zona Especial Canaria quedará restrinxida, dentro dos seus límites xeográficos, ás entidades da Zona Especial Canaria.

2. Son entidades da Zona Especial Canaria as persoas xurídicas de nova creación que, reunindo os requisitos enumerados no número seguinte, sexan inscritas no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

3. Soamente serán inscribibles aquelas persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que teñan o seu domicilio social e a sede de dirección efectiva no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria.

b) Que polo menos un dos administradores resida nas illas Canarias.

c) Constituí-lo seu obxecto social a realización no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria de actividades económicas incluídas no anexo deste real decreto lei. Nos termos que regulamentariamente se establezan poderán realizar fóra dese ámbito xeográfico actividades accesorias ou complementarias das indicadas, para o cal poderán abrir sucursais no resto do territorio nacional ás que non lles serán de aplicación os beneficios da Zona Especial Canaria.

d) Realizar investimentos nos dous primeiros anos desde a súa autorización por un importe mínimo de 16.638.600 pesetas (100.000 euros), que se materialicen na adquisición de activos fixos materiais ou inmateriais, de se-lo caso, situados ou recibidos no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria, utilizados nel e necesarios para o desenvolvemento das actividades económicas efectuadas polo contribuínte no dito ámbito xeográfico. Non se computarán, para estes efectos, os activos fixos adquiridos mediante as operacións recollidas no capítulo VIII do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Estes investimentos deberán cumprilas seguintes condicións:

a) Os activos adquiridos deberán permanecer na entidade da Zona Especial Canaria durante todo o período de utilización deste réxime, ou durante a súa vida útil se for menor, sen ser obxecto de transmisión. Tampouco poderán ser obxecto de arrendamento ou cesión a terceiros para o seu uso, salvo que se trate do obxecto social ou actividade da entidade da Zona Especial Canaria, e sempre que non exista vinculación directa ou indirecta cos arrendatarios ou cesionarios deses bens. Entenderase que non se incumpe o requisito de permanencia cando os bens sexan obxecto de transmisión e o importe se reinvesta en novos elementos do activo fixo nas mesmas condicións dentro do prazo dun ano.

b) Tratándose de activos usados, estes non poderán terse aplicado anteriormente ó fin previsto nesta letra d).

Con carácter excepcional poderase autoriza-la inscrición de entidades que non cumpran o requisito de investimento establecido nesta letra d), sempre que o número de postos de traballo que se van crear e a media anual de cadro de persoal superen o mínimo previsto na letra e) deste número.

e) Crear un mínimo de cinco postos de traballo no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria dentro dos seis meses seguintes á súa autorización e manter como mínimo nese número a media anual de cadro de persoal durante o período de utilización deste réxime.

Cando se exercese anteriormente a mesma actividade baixo outra titularidade, esixirase unha creación neta de, polo menos, cinco empregos no territorio español.

f) Presentar unha memoria descritiva das actividades económicas que se vaian desenvolver, que avale a súa solvencia, viabilidade, competitividade internacional e a súa contribución ó desenvolvemento económico e social das illas Canarias, cun contido que será vinculante para a entidade, salvo variación desas actividades logo de autorización expresa do Consello Rector.

4. As características e condicións do disposto nas letras d), e) e f) do número 3 poderanse determinar regulamentariamente.»

Dous. Modifícase o capítulo II do título V, que queda redactado do modo seguinte:

«CAPÍTULO II

O Consorcio e o Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria

SECCIÓN 1.^a O CONSORCIO DA ZONA ESPECIAL CANARIA

Artigo 32. *Natureza.*

Créase, adscrito ó Ministerio de Facenda, coa denominación de Consorcio da Zona Especial Canaria, un organismo público con personalidade xurídica e patrimonio propios e plena capacidade pública e privada, que se rexerá polo disposto nesta lei e as disposicións que a desenvolven, conforme o establecido na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Artigo 33. *Réxime xurídico.*

1. O Consorcio da Zona Especial Canaria rexeráse polo ordenamento xurídico privado en todo o relativo ás súas relacións patrimoniais, así como ós contratos para a promoción no estranxeiro da Zona Especial Canaria, axustándose no desempeño das súas funcións públicas e no resto da súa actividade contractual ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; na Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, e demais leis que lle sexan de aplicación.

2. Os actos e resolucións que dicte o Consorcio da Zona Especial Canaria no exercicio das súas funcións públicas esgotarán a vía administrativa, excepto en materia tributaria, onde serán susceptibles de recurso en vía económico-administrativa,

sen prexuízo en ámbolos casos do posterior acceso á xurisdicción contencioso-administrativa.

3. Os acordos e resolucións do Consello Rector e do presidente do Consorcio da Zona Especial Canaria no exercicio das súas funcións públicas consideraranse, en todo caso, como actos do Consorcio da Zona Especial Canaria para efectos do disposto no número anterior.

4. O persoal que preste servizo no Consorcio da Zona Especial Canaria está vinculado a este por unha relación suxeita ás normas do dereito laboral. A súa elección, con excepción do de carácter directivo, farase mediante convocatoria pública e de acordo con sistemas baseados nos principios de mérito e capacidade, estando sometido ó réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para o persoal ó servizo das administracións públicas.

5. Non obstante o disposto no número anterior, o exercicio das funcións de vixilancia e supervisión que se deleguen ou se lle encomenden ó Consorcio da Zona Especial Canaria levarano a cabo funcionarios da Administración competente adscritos a el.

6. O control económico e financeiro do Consorcio da Zona Especial Canaria levarase a cabo exclusivamente mediante comprobacións periódicas ou procedementos de auditoría, por conta da Intervención Xeral da Administración do Estado, sen prexuízo das funcións que lle correspondan ó Tribunal de Contas.

7. O asesoramento xurídico, a defensa e a representación en xuízo do organismo público poderán corresponder a funcionarios pertencentes ó corpo de avogados do Estado, mediante o oportuno convenio, conforme o disposto na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas.

Artigo 34. *Órganos rectores.*

1. Os órganos de goberno e administración do Consorcio da Zona Especial Canaria son o Consello Rector e o presidente.

2. O Consello Rector estará composto por:

a) O presidente do Consorcio da Zona Especial Canaria, que o será do Consello Rector, e un vicepresidente, nomeados ambos polo Goberno da Nación, por proposta conxunta do ministro de Facenda e do Goberno de Canarias, entre persoas de recoñecida competencia en materias económicas e financeiras.

b) Un número de cinco membros, dos cales tres serán nomeados polo ministro de Facenda e dous polo Goberno de Canarias, entre persoas de recoñecida competencia en materias comerciais e de promoción económica.

O Consello Rector designará, por proposta do presidente, un secretario que, de non ser membro daquel, asistirá ás súas reunións con voz, pero sen voto.

3. O presidente desempeñará a representación legal do Consorcio da Zona Especial Canaria e exercerá as facultades que lle atribúe esta lei, o Estatuto do Consorcio da Zona Especial Canaria e as que lle delegue o Consello Rector. O vicepresidente substituirá o presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e exercerá, así mesmo, as facultades que determine o Estatuto do Consorcio da Zona Especial Canaria e as que lle delegue o Consello Rector ou o presidente.

4. Os mandatos do presidente, do vicepresidente e dos membros do Consello Rector terán

unha duración de catro anos, ó termo dos cales poderán ser renovados, se é o caso, por outros dous períodos de catro anos. Cesarán nos seus cargos polos seguintes motivos:

- a) Por expiración do prazo dos seus respectivos mandatos.
- b) Por renuncia aceptada polo órgano que os designe.
- c) Por incumprimento grave das súas obrigas, incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incompatibilidade sobrevida ou condena por delicto doloso, logo de instrución do correspondente expediente.
- d) Por revogación dos seus nomeamentos, decidida libremente polo mesmo órgano que os nomeou e con igual procedemento e trámites.
- e) Por termo da vixencia da Zona Especial Canaria.

5. Os membros do Consello Rector do Consorcio da Zona Especial Canaria estarán sometidos ó réxime xeral de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, coa excepción do presidente e do vicepresidente, que estarán sometidos ó réxime de incompatibilidades dos altos cargos.

6. Os membros do Consello Rector e o secretario, se é o caso, terán dereito a percibi-las indemnizacións por asistencia.

Artigo 35. *Comisión Técnica.*

1. Adscrita ó Consello Rector da Zona Especial Canaria créase, como órgano colexiado, unha Comisión Técnica, que terá como finalidade a emisión de informes vinculantes sobre as solicitudes de inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria, logo de comprobación dos requisitos legais e regulamentarios necesarios para obte-la inscrición.

2. A Comisión Técnica estará composta por tres funcionarios, dos cales dous serán designados polo ministro de Facenda e un polo Goberno de Canarias.

Os funcionarios citados manterán a relación de servizo coa súa Administración de orixe.

3. A Comisión Técnica remitirá os informes sobre as solicitudes de inscrición nun prazo non superior a un mes desde que se produza a petición deses informes. Este prazo non poderá prorrogarse en ningún caso máis alá doutros quince días.

4. Os membros da Comisión Técnica poderán asistir ás reunións do Consello Rector, por solicitude deste, con voz, pero sen voto.

5. Os membros da Comisión Técnica terán dereito a percibi-las indemnizacións por asistencia.

Artigo 36. *Comisión Consultiva do Consorcio da Zona Especial Canaria.*

1. Como órgano de asesoramento do Consello Rector, créase a Comisión Consultiva do Consorcio da Zona Especial Canaria, que estará presidida polo vicepresidente do Consorcio e estará integrada, da forma que regulamentariamente se determine, por un máximo de 12 persoas en representación das entidades da Zona Especial Canaria, das cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación, das confederacións empresariais e organizacións sindicais canarias, do sector da ciencia e tecnoloxía e de persoas de recoñecida competencia en materias xurídicas, económicas e financeiras, que serán nomeadas polo Goberno de Canarias.

2. A Comisión Consultiva do Consorcio da Zona Especial Canaria informará sobre cantas cues-

tións lle sexan formuladas polo Consello Rector, e poderá elevar á consideración deste cantas propostas coide oportunas.

Artigo 37. *Funcións.*

1. Ó Consorcio da Zona Especial Canaria correspóndenlle, con carácter xeral e sen prexuízo das atribuídas a outros órganos ou organismos públicos, as funcións de vixilancia e supervisión das actividades desenvolvidas polas entidades da Zona Especial Canaria e as demais que se lle atribúen nesta lei.

2. Regulamentariamente estableceranse os procedementos de información e colaboración do Consorcio da Zona Especial Canaria cos órganos da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Canarias, no ámbito das súas respectivas competencias relacionadas coa Zona Especial Canaria e, de se-lo caso, cos seus delegados nesta. De igual forma poderase delega-lo exercicio parcial ou pleno de competencia destes órganos, no Consorcio da Zona Especial Canaria, relacionados coas actividades a que se refire o número anterior.

3. Así mesmo, o Consorcio da Zona Especial Canaria promoverá e facilitará os servizos necesarios para o adecuado funcionamento desta Zona e a consecución da súa finalidade.

4. O Consorcio da Zona Especial Canaria asesorará o Goberno da Nación, o ministro de Facenda e o Goberno de Canarias, nas materias relacionadas coa Zona Especial Canaria, por petición destes ou por iniciativa propia, e poderá elevar aquelas propostas sobre medidas ou disposicións relacionadas con esta Zona que considere necesarias. Anualmente elaborará e dará publicidade a un informe no que se reflicta a súa actuación e a situación da Zona Especial Canaria, sen prexuízo da elaboración e publicación de estatísticas respecto desta coa periodicidade que coide pertinente.

Artigo 38. *Competencias do Consello Rector.*

Correspóndelle ó Consello Rector do Consorcio da Zona Especial Canaria:

a) Tramitar e resolve-las solicitudes de autorización das entidades que pretendan acollerse ó réxime especial da Zona Especial Canaria.

b) Xestiona-lo Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

c) Xestionar e recada-las taxas reguladas no artigo 50 desta lei.

d) Vixia-lo cumprimento por parte das entidades da Zona Especial Canaria do disposto nesta lei, podendo para iso requirir canta información sexa precisa, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos ou organismos públicos.

e) Resolve-los expedientes sancionadores que se tramiten segundo o disposto nas normas contidas no capítulo VI deste título.

f) Subministra-la información que lle sexa requirida polas administracións ou organismos competentes, de acordo co establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

g) Elaborar anualmente un anteproxecto de orzamento, coa estrutura que sinale o Ministerio de Facenda.

h) Dicta-las instrucións sobre o funcionamento da Zona Especial Canaria naqueles aspectos en que teña atribuída esta competencia, así como as que esixan o desenvolvemento e execución das normas contidas na lei, sen prexuízo das competencias doutros órganos, en relación coas cuestións

de procedemento relativas ó Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

i) Establece-las súas normas de xestión e de funcionamento interno, así como determina-las funcións do secretario e, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda, o réxime económico das asistencias ó Consello Rector e á Comisión Técnica.

j) Propo-la remoción dos membros da Comisión Técnica cando, ó seu xuízo, incorran en incompetencia técnica ou actuén con infracción das leis.

k) Emitir cantos informes se lle soliciten en relación coas materias da súa competencia.

l) Promove-la Zona Especial Canaria.

m) Calquera outra función ou competencia que lle sexa atribuída directamente nesta lei ou nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 39. *Patrimonio e recursos económicos.*

1. O patrimonio inicial do Consorcio da Zona Especial Canaria estará formado por unha dotación fundacional que será achegada nun 75 por 100 con cargo ós orzamentos xerais do Estado e no 25 por 100 restante con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Canarias.

2. Os recursos económicos do Consorcio da Zona Especial Canaria estarán integrados por:

a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio e os produtos e rendas deste ou calquera outro obtido por herdanza, legado ou doazón.

b) As taxas a que se refire o artigo 50 desta lei.

c) O produto ou rendemento económico que obteña en contraprestación ás actividades que desenvolva.

d) O importe das multas que impoña o Consello Rector no exercicio das súas competencias.

e) As transferencias correntes e de capital que se consignen ó seu favor nos orzamentos xerais do Estado e nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Canarias.

f) Calquera outro recurso que poida serlle atribuído.

3. Para a cobranza dos recursos de dereito público previstos no número anterior, o Consorcio da Zona Especial Canaria posuirá as mesmas prerrogativas cás legalmente establecidas a favor da Administración xeral do Estado e actuará, se é o caso, conforme os procedementos administrativos correspondentes.

4. O remanente anual do Consorcio da Zona Especial Canaria non se distribuirá entre as administracións públicas integrantes deste, e permanecerá á disposición do Consorcio para os fins que acorde o Consello Rector.

Na data da liquidación e extinción do Consorcio da Zona Especial Canaria, o remanente repartirase entre as administracións públicas integrantes deste, na proporción resultante das contribucións realizadas por cada unha delas conforme o número 1 e a letra e) do número 2 deste artigo. Para estes efectos, sumaranse tanto as contribucións correntes como as de capital.

SECCIÓN 2.^a O REXISTRO OFICIAL DE ENTIDADES DA ZONA ESPECIAL CANARIA

Artigo 40. *O Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.*

1. Obxecto e réxime xurídico.

Créase o Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria, dependente do Consorcio da

Zona Especial Canaria, co carácter de rexistro público administrativo.

O Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria rexerase polo establecido nesta lei, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as súas normas de desenvolvemento.

2. Xestión e administración do Rexistro Oficial.

A xestión e administración do Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria realizarase a través dunha Oficina de Xestión, que terá a consideración de órgano administrativo.

A Oficina de Xestión dependerá do Consello Rector, que poderá designar un dos seus membros como responsable dela.

A organización e funcionamento da Oficina de Xestión, así como a creación, modificación ou supresión doutras oficinas do Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria, corresponde-lle ó Consello Rector, que dictará as resolucións pertinentes.

3. Requisitos e procedemento de xestión.

Será requisito previo para a inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria a autorización do Consello Rector, que a outorgará logo de informe favorable da Comisión Técnica.

Por vía regulamentaria poderase regula-lo procedemento de inscrición, así como os datos e documentos que os solicitantes deberán achegar á Oficina de Xestión, o contido da inscrición, a súa modificación e cancelación, así como as reclamacións e recursos contra as resolucións correspondentes e demais extremos pertinentes.»

Tres. Modifícase o capítulo III do título V, que queda redactado do modo seguinte:

«CAPÍTULO III

Réxime xeral das entidades da Zona Especial Canaria

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 41. *Procedemento de inscrición das entidades da Zona Especial Canaria.*

1. A inscrición dunha entidade no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria estará condicionada á autorización previa do Consorcio da Zona Especial Canaria.

Para estes efectos, deberá presentarse unha solicitude á que se xuntará a memoria a que se refire a letra f) do número 3 do artigo 31 desta lei e xustificación do resto dos requisitos esixidos nese artigo. Xunto con esta solicitude achegarase un depósito ou aval por importe da taxa de inscrición regulada no artigo 50 desta lei.

A vista da documentación presentada, o Consello Rector procederá á autorización, logo de informe favorable da Comisión Técnica.

A autorización por parte do Consello Rector deberá outorgarse, de forma expresa, no prazo de dous meses, contados desde a data de recepción da solicitude no Consorcio da Zona Especial Canaria. Este prazo poderá suspenderse nos casos previstos no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, o prazo previsto na súa letra c) quedaría reducido a un mes. Transcorrido o prazo indicado sen resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de autorización.

2. Unha vez obtida a autorización, o solicitante deberá presentar no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria os documentos acreditativos da constitución da entidade conforme á lei.

A inscrición deberá practicarse no prazo de dez días, contados desde o día en que se presentaren os documentos a que se refire o parágrafo precedente.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME FISCAL

Artigo 42. *Imposto sobre sociedades. Réxime especial. Acumulabilidade.*

1. As entidades da Zona Especial Canaria tributarán no imposto sobre sociedades coas seguintes especialidades:

a) Aplicarán o tipo de gravame especial que resulte do establecido no artigo seguinte a aquela parte da base imponible que corresponda ás operacións que realicen material e efectivamente no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria.

b) As entidades da Zona Especial Canaria levarán a súa contabilidade de acordo co disposto no Código de comercio e demais normativa contable que lles sexa de aplicación, sen prexuízo das seguintes especialidades:

a') Deberán individualizar en contas separadas as operacións indicadas nos números 1 e 2 da regra segunda do artigo 44 desta lei.

b') As sucursais ás que se refire a letra c) do número 3 do artigo 31 desta lei deberán levar contabilidade separada da contabilidade da entidade da Zona Especial Canaria.

c') Deberá incluírse na memoria un pormenor da parte da conta de perdas e ganancias, así como de todas aquelas contas que reflicten aplicación do beneficio, que proceda das operacións realizadas efectiva e materialmente no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria, determinada por aplicación a elas da porcentaxe obtida segundo se establece na regra segunda do artigo 44 desta lei.

2. Os beneficios fiscais da Zona Especial Canaria poderanse simultanear con outras axudas ó investimento e á creación de emprego dentro dos límites e coas condicións establecidas na normativa comunitaria.

Artigo 43. *Imposto sobre sociedades. Tipos de gravame especiais.*

1. Para a determinación do tipo de gravame especial aplicable, o período de vixencia da Zona Especial Canaria dividirase en tres tramos, os cales terán a duración seguinte, expresada en anos naturais:

Primeiro tramo:

Os primeiros tres anos para as entidades da Zona Especial Canaria autorizadas en 2000 e 2001.

Os primeiros dous anos para as entidades da Zona Especial Canaria autorizadas en 2002, 2003 e 2004.

O primeiro ano para as restantes.

Segundo tramo:

Os seguintes catro anos para as entidades da Zona Especial Canaria autorizadas en 2000.

Os seguintes tres anos para as entidades da Zona Especial Canaria autorizadas en 2001 e 2002.

Os seguintes dous anos para as entidades da Zona Especial Canaria autorizadas en 2003, 2004 e 2005.

O seguinte ano para as entidades da Zona Especial Canaria autorizadas en 2006.

Terceiro tramo: o resto do período de vixencia.

2. a) En función dos tramos anteriores e da creación neta de emprego da entidade da Zona Especial Canaria, os tipos impositivos especiais serán os seguintes:

Creación neta de emprego	Tramo primeiro	Tramo segundo	Tramo terceiro
	Porcentaxe	Porcentaxe	Porcentaxe
Entre 5 e 8 traballadores .	1	2,5	5
Máis de 8 e ata 12 traballadores	1	2,25	4,5
Máis de 12 e ata 20 traballadores	1	2	4
Máis de 20 traballadores .	1	1,75	3,5

As variacións na creación neta de emprego producirán efecto no exercicio impositivo en que se produzan. Enténdese por creación neta de emprego o número de postos de traballo netos creados no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria desde a autorización da entidade da Zona Especial Canaria.

b) Nos supostos do parágrafo segundo da letra e) do número 3 do artigo 31 desta lei, en que a entidade da Zona Especial Canaria incorpore unha cadro de persoal anterior, os tipos impositivos sobre a parte de base imponible derivada das operacións que realice material e efectivamente no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria serán os seguintes:

Incremento neto de cadro de persoal	Tramo 1.º	Tramo 2.º	Tramo 3.º
	Porcentaxe	Porcentaxe	Porcentaxe
Máis dun 50 por 100 de incremento	1	2,5	5
Dun 25 por 100 a un 50 por 100 de incremento .	2,5	3,5	5
Menos dun 2,5 por 100 de incremento	3,5	4,5	5

As variacións no incremento neto de cadro de persoal producirán efecto no exercicio impositivo en que se produzan. Enténdese por incremento neto de cadro de persoal o resultado de multiplicar por cen a fracción seguinte:

No numerador, a creación neta de emprego, tal e como se define na letra a) deste número, menos a totalidade do cadro de persoal incorporado.

No denominador, a totalidade do cadro de persoal incorporado.

c) Os tipos impositivos sinalados nas letras anteriores serán de aplicación nos períodos impositivos que se inicien en cada un dos anos naturais correspondentes a cada tramo.

3. Cando a entidade da Zona Especial Canaria teña por obxecto social ou actividade a realización

de actividades escasamente implantadas no arquipélago canario, os tipos impositivos aplicables ó segundo e terceiro tramos reduciranse nun 20 por 100.

Para estes efectos, consideraranse actividades escasamente implantadas nas illas Canarias aquelas que, de forma agregada, ocupen a unha porcentaxe non superior ó 1,5 da poboación activa das illas Canarias ou que representen menos do 1 por 100 do valor engadido bruto, a prezos de mercado, destas.

4. Os requisitos e condicións a que se refiren os números anteriores poderanse desenvolver regulamentariamente.

Artigo 44. Imposto sobre sociedades. Determinación da parte de base imponible correspondente a operacións realizadas efectiva e materialmente no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria.

Para determina-la parte da base imponible da entidade da Zona Especial Canaria que, para efectos da aplicación dos tipos especiais de gravame, deriven das operacións realizadas material e efectivamente no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria, seguiranse as seguintes regras:

Primeira.—Determinarase a base imponible da entidade conforme as normas do imposto sobre sociedades.

Segunda.—Determinarase a porcentaxe resultante de multiplicar por cen o resultado dunha fracción na que figuren:

1. No numerador, con signo positivo, o importe das seguintes operacións:

a) As transmisións de bens mobles corporais efectuadas no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria.

Consideraranse efectuadas no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria as transmisións de bens corporais cando a posta á disposición do adquirente se realice no dito ámbito ou se inicie desde el a expedición ou transporte necesario para a dita posta á disposición.

Se os bens tivesen que ser obxecto de instalación ou montaxe fóra do ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria, incluírase o valor dos traballos de preparación e fabricación que se efectúen nese ámbito e o das prestacións de servizos que completen a entrega ou instalación, sempre que se efectúen cos medios afectos á entidade da Zona Especial Canaria radicados ou adscritos ó ámbito xeográfico desta.

b) As transmisións de bens inmoebles que formen parte do activo inmovilizado afecto á actividade, incluídos os dereitos reais sobre eles, cando os bens estean situados no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria.

c) As prestacións de servizos que se efectúen cos medios da entidade que estean radicados ou adscritos ó ámbito da Zona Especial Canaria. Para estes efectos, terán esta consideración as operacións con bens e servizos realizadas mediante o uso de tecnoloxías da información e as telecomunicacións, cos medios da entidade radicados ou adscritos ó ámbito da Zona Especial Canaria e na forma e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

d) As operacións realizadas desde os centros de actividade da entidade da Zona Especial Canaria

situados no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria destinadas ás súas sucursais situadas fóra dese ámbito xeográfico, cando estas as utilizase a sucursal para a entrega de bens ou a prestación de servizos a terceiros.

2. No numerador, con signo negativo, o valor das seguintes operacións:

a) As operacións recibidas polos centros de actividade da entidade da Zona Especial Canaria situados no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria desde as súas sucursais situadas fóra dese ámbito xeográfico, sempre que estas as utilizase a entidade da Zona Especial Canaria para a entrega de bens ou a prestación de servizos a terceiros.

b) As transmisións de elementos patrimoniais adquiridos pola entidade da Zona Especial Canaria procedentes de entidades que non teñan o carácter de entidade da Zona Especial Canaria como consecuencia de operacións acollidas ó réxime especial de fusións, escisións, contribucións de activos e troco de valores previsto no capítulo VIII do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

3. No denominador incluírase o importe da totalidade dos ingresos e demais compoñentes positivos da base imponible da entidade da Zona Especial Canaria.

4. A porcentaxe resultante da aplicación dos criterios anteriores redondearase na unidade superior.

5. Para o cálculo da fracción anterior, as operacións referidas consignaranse polo seu valor para efectos do imposto sobre sociedades, a excepción das realizadas entre os centros de actividade da entidade da Zona Especial Canaria situados no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria e as súas sucursais situadas fóra dese ámbito xeográfico, que se computarán conforme o valor normal de mercado destas determinado segundo se establece no artigo 16.3 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Terceira.—O tipo de gravame especial aplicaráselle exclusivamente á parte da base imponible que coincida coa menor das seguintes contías:

a) O importe que resulte de lle aplicar á base imponible a porcentaxe determinada na regra anterior.

b) O importe que, en función da creación de emprego e a actividade desenvolvida, resulte do cadro seguinte:

Creación neta de emprego	Actividades de servizos	Actividades industriais
Entre 5 e 8 traballadores.	249.579.000 pesetas (1.500.000 euros)	299.494.800 pesetas (1.800.000 euros)
Máis de 8 e ata 12 traballadores.	332.772.000 pesetas (2.000.000 euros)	399.326.400 pesetas (2.400.000 euros)
Máis de 12 e ata 20 traballadores.	499.158.000 pesetas (3.000.000 euros)	598.989.600 pesetas (3.600.000 euros)
Máis de 20 traballadores e ata 50 traballadores.	1.331.088.000 pesetas (8.000.000 euros)	1.530.751.200 pesetas (9.200.000 euros)

Creación neta de emprego	Actividades de servicios	Actividades industriais
Máis de 50 traballadores e ata 100 traballadores.	2.994.948.000 pesetas (18.000.000 euros)	3.593.937.600 pesetas (21.600.000 euros)
Máis de 100 traballadores.	16.638.600.000 pesetas (100.000.000 euros)	19.966.320.000 pesetas (120.000.000 euros)

Non obstante o anterior, aplicaranse os seguintes límites cando se trate das actividades de: comercio por xunto e intermediarios do comercio (excepto de vehículos de motor e motocicletas); axencias de viaxes, vendedores, por xunto e polo miúdo, de turismo e outras actividades de apoio turístico; actividades informáticas; actividades xurídicas, de contabilidade, xestión contable de libros, asesoría fiscal, estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública; consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial; xestión de sociedades de carteira, e servicios de publicidade e relacións públicas:

Creación neta de emprego	Actividades mencionadas
Entre 5 e 8 traballadores.	187.184.250 pesetas (1.125.000 euros)
Máis de 8 e ata 12 traballadores.	249.579.000 pesetas (1.500.000 euros)
Máis de 12 e ata 20 traballadores.	374.368.500 pesetas (2.250.000 euros)
Máis de 20 traballadores e ata 50 traballadores.	998.316.000 pesetas (6.000.000 euros)
Máis de 50 traballadores e ata 100 traballadores.	2.246.211.000 pesetas (13.500.000 euros)
Máis de 100 traballadores.	12.478.950.000 pesetas (75.000.000 euros)

Artigo 45. *Exencións na Zona Especial Canaria.*

As exencións previstas nas letras b) e g) do número 1 do artigo 13 da Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias, aplicaranse así mesmo nos supostos nos que as rendas a que se refiren esas letras sexan obtidas, por residentes en Estados non membros da Unión Europea, en condicións e con requisitos iguais ou equivalentes, segundo os casos, ós alí recollidos, cando tales rendas sexan satisfeitas por unha entidade da Zona Especial Canaria, sempre que estas procedan de operacións realizadas material e efectivamente no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria. Para estes efectos, non resultará de aplicación o establecido no último parágrafo da mencionada letra g).

Tales exencións non serán de aplicación cando os rendementos e ganancias patrimoniais sexan obtidos a través dos países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais, nin cando a sociedade matriz teña a súa residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

Artigo 46. *Exencións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

As entidades da Zona Especial Canaria gozarán de exención no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, respecto dos actos, contratos e operacións seguintes:

a) As adquisicións de bens e dereitos que o suxeito pasivo destine ó desenvolvemento da súa actividade, sempre que estes estean situados, poidan exercerse ou teñan que cumprirse no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria.

b) As operacións societarias realizadas polas mencionadas entidades, con excepción da disolución destas.

c) Os actos xurídicos documentados vinculados ás operacións realizadas polas citadas entidades no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria, a excepción das letras de cambio, os documentos que suplan a estas ou realicen función de xiro, e as escrituras, actas ou testemuños notariais gravados polo artigo 31, número 1, do Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Artigo 47. *Exencións no imposto xeral indirecto canario.*

As entregas de bens e prestacións de servicios realizadas polas entidades da Zona Especial Canaria a outras entidades da Zona Especial Canaria estarán exentas de tributación polo imposto xeral indirecto canario. Darán dereito á dedución e devolución das cotas soportadas por repercusión directa nas súas adquisicións de bens ou nos servicios recibidos por estas entidades, ou da carga impositiva implícita neles, así como das cotas satisfeitas á Facenda Pública, na medida en que os correspondentes bens e servicios os utilice o suxeito pasivo na realización das operacións mencionadas. Así mesmo, estarán exentas dese tributo as importacións de bens realizadas polas entidades da Zona Especial Canaria.

Artigo 48. *Tributos locais. Concertos fiscais.*

O Consorcio da Zona Especial Canaria poderá subscribir concertos fiscais coas entidades locais, nos que estas determinen unha cifra global de tributación, que poderá ser inferior á suma de tódolos tributos de pagamento único ou periódico, as taxas municipais e, de se-lo caso, as contribucións especiais esixibles ó longo de cada exercicio económico polas entidades da Zona Especial Canaria establecidas dentro de áreas xeográficas restrinxidas. Concertos similares, referidos exclusivamente ó ámbito impositivo, poderán subscribirse entre o Consorcio da Zona Especial Canaria e as entidades locais canarias en relación coas entidades da Zona Especial Canaria establecidas fóra desas áreas.

Artigo 49. *Tributos locais. Ordenanzas fiscais.*

1. As entidades locais afectadas pola creación da Zona Especial Canaria incorporarán ás súas ordenanzas fiscais as necesarias previsións para os efectos de aplicación dos concertos fiscais que se subscriban ó abeiro do que establece o artigo anterior.

2. O incumprimento polas entidades locais do disposto no número anterior non impedirá a total aplicación dos concertos fiscais ós que este punto se refire.

3. Non será de aplicación o establecido no parágrafo primeiro do artigo 9.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 50. *Taxas aplicables ás entidades da Zona Especial Canaria.*

1. Créanse as seguintes taxas:

a) Taxa de inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

b) Taxa anual de permanencia no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

2. Taxa de inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria:

a) Constitúe o feito imponible desta taxa a inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria de acordo co previsto nesta lei.

b) Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as entidades da Zona Especial Canaria que soliciten a inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

c) A esixibilidade da taxa producirase no momento de practicarse o correspondente asento no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

d) A contía da taxa de inscrición será de 99.832 pesetas (600 euros).

3. Taxa anual de permanencia no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria:

a) Constitúe o feito imponible desta taxa a permanencia da inscrición das entidades da Zona Especial Canaria no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria de acordo co previsto nesta lei.

b) Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as entidades da Zona Especial Canaria inscritas no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

c) A esixibilidade da taxa producirase o día 31 de decembro de cada ano, a partir do seguinte ó da inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

En caso de disolución da entidade da Zona Especial Canaria ou de revogación da autorización correspondente para operar na Zona Especial Canaria e acollerse ó réxime propio desta, a taxa será esixida no momento da cancelación da inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria.

d) A contía da taxa anual de permanencia será de 149.747 pesetas (900 euros).

No caso previsto no parágrafo segundo da letra c) anterior, a contía da taxa ratearase por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza a disolución da entidade ou a revogación da autorización.

4. Mediante real decreto poderán modificarse as contías e importes dos elementos e criterios de cuantificación de acordo cos cales se determinan as taxas reguladas no presente artigo.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación os seguintes:

a) Taxa de inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria: natureza do solicitante e tipo de actividade que se vai desenvolver no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria.

b) Taxa anual de permanencia no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria: natureza da entidade inscrita, tipo de actividade desenvolvida no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria e número de postos de traballo creados nese ámbito xeográfico.

5. As taxas poderán ser obxecto de autoliquidación polo suxeito pasivo na forma en que regulamentariamente se determine.

6. As taxas reguladas neste artigo rexeranse pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Artigo 51. *Prezos públicos aplicables ás entidades da Zona Especial Canaria.*

1. O Consorcio da Zona Especial Canaria poderalle propor ó Ministro de Facenda a fixación, mediante orde ministerial, dos prezos públicos que considere necesarios como contraprestación polas actividades que realice.

2. O Consorcio da Zona Especial Canaria esixirá eses prezos públicos con suxeición ó disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Artigo 52. *Perda de beneficios fiscais.*

O incumprimento de calquera dos requisitos previstos no artigo 31 desta lei determinará, sen prexuízo da revogación ou cancelación da inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria, a perda do dereito ó uso dos beneficios fiscais establecidos no presente título.

No caso do imposto sobre sociedades, esta perda producirá efectos no período impositivo en que ese incumprimento se produza. Ademais, se o requisito incumplido fose o recollido na letra d) do número 3 do artigo 31 da presente lei, xunto á cota diferencial do exercicio incluírase a diferenza entre a cota íntegra liquidada nos períodos impositivos finalizados con anterioridade e a que se liquidase aplicando o tipo de gravame xeral á totalidade da base imponible, así como os correspondentes xuros de demora.»

Catro. Modifícase o capítulo V do título V, que queda redactado do modo seguinte:

«CAPÍTULO V

Réxime especial das empresas que se dediquen á produción, manipulación, transformación ou comercialización de mercadorías

Artigo 63. *Empresas que se dediquen á produción, manipulación, transformación ou comercialización de mercadorías.*

1. As áreas a que se refire o artigo 30 desta lei para as entidades da Zona Especial Canaria que se dediquen á produción, manipulación, transformación ou comercialización de mercadorías situaranse preferentemente nas proximidades dos portos e aeroportos do arquipélago, podendo situarse noutros lugares das illas Canarias cando razóns urbanísticas ou ambientais así o aconsellen, sempre e cando quede garantido en tódolos casos o control das mercadorías na forma en que regulamentariamente se determine.

2. Regulamentariamente determinarase os mecanismos de coordinación con respecto ás entidades da Zona Especial Canaria, entre o Consorcio da Zona Especial Canaria e os órganos da Administración competentes nas materias reguladas polas disposicións en vigor das entidades da Zona Especial Canaria.

3. As entidades da Zona Especial Canaria a que se refire este artigo poderán presentar ó Rexistro Mercantil balance, conta de perdas e ganancias e memoria abreviados con independencia do seu activo, volume de negocio e número de empregados.

4. As áreas a que se refire este artigo poderán coincidir total ou parcialmente coas zonas francas establecidas nas illas Canarias. Neste caso, ás súas operacións seralles de aplicación o disposto con carácter xeral na lexislación vixente sobre zonas francas.»

Cinco. Modifícase o capítulo VI do título V, que queda redactado do modo seguinte:

«CAPÍTULO VI

Infraccións e sancións

Artigo 64. *Réxime xurídico aplicable.*

1. O incumprimento das obrigas establecidas neste título, en relación cos requisitos e condicións a que quedan suxeitas as entidades da Zona Especial Canaria para se poderen acoller ó réxime previsto nesta lei, será sancionado de acordo co disposto nas normas contidas neste capítulo.

2. Corresponderalle ó Consorcio da Zona Especial Canaria a potestade sancionadora, a cal exercerá a través do seu Consello Rector cando se trate das sancións reguladas neste capítulo. Nos demais casos, a potestade sancionadora exercerase de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 65. *Responsabilidades.*

1. A responsabilidade administrativa será esixible sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutro tipo que poidan concorrer.

2. Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas de delito ou falta, o Consorcio da Zona Especial Canaria pasará o tanto de culpa á xurisdicción penal e absterase de segui-lo procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dicte sentenza firme.

Cando o proceso penal termine con sentenza absoluta ou outra resolución que lle poña fin, provisional ou definitivamente, sen declaración de responsabilidade penal, sempre que esta non estea fundamentada na inexistencia do feito, poderá iniciarse, continuar ou proseguir-lo correspondente procedemento sancionador para determinar a posible existencia de infracción administrativa.

Artigo 66. *Tipificación das infraccións.*

1. As infraccións clasifícanse en graves e leves.
2. Son infraccións graves:

a) O desenvolvemento polas entidades da Zona Especial Canaria de actividades non incluídas na autorización prevista no artigo 40 desta lei.

b) O incumprimento dalgún dos requisitos contidos nas letras d), e) e f) do número 3 do artigo 31 desta lei, salvo causa de forza maior e sen prexuízo

do disposto no último parágrafo da letra d) do número 3 do dito artigo.

c) A resistencia, negativa ou obstrución á actuación investigadora do Consorcio da Zona Especial Canaria en materia da súa competencia por parte das entidades da Zona Especial Canaria, sempre que medie requirimento expreso e por escrito ó respecto.

3. Son infraccións leves:

a) O incumprimento das instrucións sobre o funcionamento da Zona Especial Canaria que fosen dictadas polo Consorcio da Zona Especial Canaria.

b) A inobservancia do deber de remisión de información esixible ó abeiro do artigo 38 desta lei, sempre que conste o requirimento, expreso e por escrito, do Consorcio da Zona Especial Canaria.

c) O incumprimento de calquera obriga derivada desta lei e as súas normas de desenvolvemento, sempre que non se encontren tipificadas como infracción grave.

Artigo 67. *Sancións.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 52 desta lei, as infraccións graves sancionaranse coa revogación da autorización, a cancelación da inscrición da entidade infractora no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria e multa de 49.916 pesetas (300 euros) a 4.991.580 pesetas (30.000 euros).

2. As infraccións leves sancionaranse con multa de 9.983 pesetas (60 euros) a 49.916 pesetas (300 euros).

3. A imposición das sancións establecidas nos números anteriores graduarase atendendo, en cada caso, á propia gravidade da infracción, á natureza dos danos e perdas causados e á reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarada por resolución firme.

Artigo 68. *Prescrición das infraccións.*

1. A acción para impo-las sancións correspondentes ás infraccións leves prescribirá ó ano e as correspondentes ás infraccións graves ós catro anos.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese.

3. A prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e o prazo volverá a correr se o expediente permanece paralizado durante máis de tres meses por causa non imputable ó presunto infractor.

Artigo 69. *Prescrición das sancións.*

1. As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ó ano; as impostas por infraccións graves, ós catro anos. A acción para esixir-lo cumprimento das sancións impostas por infraccións leves prescribirá ó ano e, no caso das impostas por infraccións graves, ós catro anos.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción.

3. A prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer-lo prazo se este permanecese interrompido durante máis de tres meses por causa non imputable ó infractor.

Artigo 70. Procedemento sancionador.

1. O Consorcio da Zona Especial Canaria non poderá impor sancións senón en virtude de expediente instruído para o efecto, consonte o disposto no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as súas normas de desenvolvemento.

2. O inicio e instrución do procedemento para impor sancións por infraccións graves ou leves corresponderá a un membro designado para o efecto polo Consello Rector do Consorcio da Zona Especial Canaria e a resolución ó Consello Rector, sen a participación do membro responsable das fases previas de inicio e instrución.

Artigo 71. Infraccións e sancións tributarias.

1. O disposto neste capítulo entenderase sen prexuízo do previsto nas disposicións reguladoras do réxime de infraccións e sancións tributarias e do procedemento para a súa aplicación.

2. As resolucións do Consorcio da Zona Especial Canaria que recaian como consecuencia da incoación dos expedientes sancionadores dimanantes do réxime previsto neste capítulo non impedirán o exercicio das competencias que o ordenamento xurídico lles atribúe ás administracións tributarias para a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos por esta lei ás entidades da Zona Especial Canaria para o uso dos beneficios fiscais recollidos nela.»

Seis. Modifícase o parágrafo segundo do número 2 da disposición derradeira única, que queda redactado do modo seguinte:

«O Goberno regulará o réxime da Zona Especial Canaria e o seu ámbito temporal, dentro do límite previsto nesta lei.»

Artigo segundo. Modificación da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Un. Engádeselle unha alínea, co número 8, ó artigo 26, coa seguinte redacción:

«8. Tributarán ó tipo de gravame especial que resulte do establecido no artigo 43 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, as entidades da Zona Especial Canaria, pola parte de base imponible correspondente ás operacións realizadas efectiva e materialmente no ámbito xeográfico da Zona Especial Canaria.»

Dous. Engádeselle un parágrafo, letra f), ó número 4 do artigo 28, coa seguinte redacción:

«f) Os dividendos ou participacións en beneficios correspondentes a entidades da Zona Especial Canaria procedentes de beneficios que tributasen ós tipos indicados no número 8 do artigo 26 desta lei. Para estes efectos, considerarase que as rendas recibidas proceden en primeiro lugar deses beneficios.»

Artigo terceiro. Modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Dáselle nova redacción ó artigo 23.1.b), que queda redactado como segue:

«b) Os rendementos íntegros a que se refire a letra anterior, sempre que procedan de entidades

residentes en territorio español, multiplicaranse polas seguintes porcentaxes:

140 por 100, con carácter xeral.

125 por 100, cando procedan das entidades a que se refire o artigo 26.2 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

100 por 100, cando procedan das entidades a que se refire o artigo 26.5 e 6 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, e de cooperativas protexidas e especialmente protexidas, reguladas pola Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, da distribución da prima de emisión e das operacións descritas nos puntos 3.º e 4.º da letra a) anterior. Aplicarase, en todo caso, esta porcentaxe ós rendementos que correspondan a valores ou participacións adquiridas dentro dos dous meses anteriores á data en que aqueles se satisfíxesen cando, con posterioridade a esta data, dentro do mesmo prazo, se produza unha transmisión de valores homoxéneos. En caso de entidades en transparencia fiscal, aplicarán esta mesma porcentaxe os contribuíntes cando as operacións anteriormente descritas as realice a entidade transparente.

No caso de valores ou participacións non admitidas a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores españois, o prazo previsto no parágrafo anterior será dun ano.

Aplicarase, en todo caso, a porcentaxe do 100 por 100 ós rendementos que correspondan a beneficios que tributasen ós tipos previstos no número 8 do artigo 26 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades. Para estes efectos, considerarase que os rendementos percibidos proceden en primeiro lugar deses beneficios.»

Disposición transitoria única. Réxime dos membros do Consello Rector da Zona Especial Canaria.

Mentres non se proceda ó nomeamento da totalidade dos membros do Consello Rector da Zona Especial Canaria, de conformidade co establecido nesta lei, os membros do Consello Rector designados conforme a legislación que se modifica continuarán no pleno exercicio das funcións que corresponden ó dito órgano.

Disposición derradeira primeira. Adaptación dos órganos de goberno da Zona Especial Canaria.

A adaptación dos órganos de goberno da Zona Especial Canaria ó establecido nesta lei producirase no prazo máximo de tres meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa.

O Goberno dictará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

ANEXO

Lista de actividades

Actividades de produción, transformación, manipulación e distribución por xunto de mercadorías:

Pesca. NACE B.

Industria da alimentación, bebidas e tabaco. NACE DA.

Industria da confección e da peletería. NACE 17.4, 17.5 17.6, 17 e 18.

Industria do coiro e calzado. NACE DC.

Industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados. NACE DE.

Industria química. NACE 24.

Prefabricados para a construción NACE 45.25, 45.3, 45.4, 20.2, 20.3, 25.2, 26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.7, 24.3, 28.1, 28.2, 28.12, 28.63, 28.7 e 36.1.

Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico. NACE 29.

Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico. NACE DL.

Fabricación de mobles; outras industrias manufactureras. NACE 36.

Industria da reciclaxe. NACE 37.

Comercio por xunto e intermediarios do comercio. NACE 50 e 51.

Actividades de servizos:

Transportes e actividades anexas. NACE I.

Actividades informáticas. NACE 72.

Servizos relacionados coa explotación de recursos naturais e eliminación de residuos. NACE n.c.

Servizos relacionados coa investigación e o desenvolvemento. NACE 73.

Outras actividades empresariais. NACE 74.

Servizos de formación especializada e posgrao. 80.3 e 80.4.

Os centros de coordinación e servizos intragrupo están excluídos das actividades de servizos comprendidos no grupo 74 da NACE («Outras actividades empresariais»).

11833 REAL DECRETO LEI 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa. («BOE» 151, do 24-7-2000.)

I

O presente real decreto lei contén unha serie de medidas fiscais de apoio ás empresas e de fomento do aforro e o investimento. En particular, afectan á tributación das pequenas e medianas empresas, ó tratamento fiscal das contribucións a plans de pensións e ó réxime tributario das ganancias e perdas patrimoniais.

Estas medidas de fomento resultan necesarias na actual conxuntura económica, para garanti-lo crecemento estable da economía española e evita-lo afloramento de presións inflacionistas. A consecución deste obxectivo fai imprescindible, así mesmo, a aplicación das medidas con carácter inmediato.

Ademais, o risco de que o anuncio dunhas reformas desta natureza poida provoca-la paralización nas decisións de investimento, así como a necesidade de que os cidadáns coñezan con certeza e coa suficiente antelación as consecuencias fiscais que terán as ditas decisións, esixen a utilización da vía do real decreto lei, conseguindo así que se produzan os seus efectos de maneira inmediata ás medidas que a seguir se describen.

II

En primeiro lugar, maniféstase unha decidida aposta polo apoio ás pequenas e medianas empresas e ás iniciativas de innovación e internacionalización empresarial, como fórmula para mellora-la súa competitividade e, polo tanto, como garantía da súa supervivencia nun contorno globalizado e rapidamente cambiante.

Polo que se refire ás medidas de apoio ás pequenas e medianas empresas, que constitúen a verdadeira columna vertebral da nosa economía e que tanta importancia teñen no seu crecemento e innovación, en primeiro lugar amplíase significativamente o ámbito de aplicación do réxime especial do imposto sobre sociedades, co que un gran número de empresas poderán gozar dos incentivos fiscais alí establecidos e se mellora o réxime do reinvestimento de beneficios empresariais.

Por outra parte, considerando a importancia das novas tecnoloxías e coa vontade de apoia-lo espírito innovador e emprendedor das nosas empresas, establécese un incentivo fiscal para aquelas actuacións que teñan como obxectivo mellora-lo seu acceso e presenza na Internet, así como o desenvolvemento do comercio electrónico e a mellora, en xeral, dos seus procesos mediante a incorporación de tecnoloxías da información e das comunicacións.

Do mesmo modo, mediante novos incentivos fiscais no imposto sobre sociedades ou mediante a mellora dos existentes, foméntase a formación do persoal no uso de novas tecnoloxías, así como os investimentos en innovación tecnolóxica das empresas. Na mesma liña de apoio ás novas empresas, emprendedoras e innovadoras, hai que considera-las melloras no réxime do capital-risco, como fórmula para o financiamento de iniciativas.

III

No que se refire ó tratamento fiscal das contribucións a plans de pensións, hai que recordar que o fomento dos sistemas complementarios de previsión social foi un dos principais aspectos que xurdiron no denominado Pacto de Toledo. Nesta dirección, o presente real decreto lei introduce melloras no réxime fiscal dos plans de pensións e, conseguintemente, das mutualidades de previsión social, como a seguir se expón:

En primeiro lugar, realízase unha elevación dos límites xerais de redución na base imponible por contribucións a plans de pensións e mutualidades de previsión, así como dos aplicables no caso de partícipes de maior idade e de persoas con minusvalidez.

En concreto, os límites xerais sitúanse en 1.200.000 pesetas e o 25 por 100 dos rendementos netos do traballo e de actividades económicas, o que implica unha elevación do límite absoluto en 100.000 pesetas e do relativo en 5 puntos porcentuais. No caso de persoas de maior idade, elévase o límite máximo de contribución en 300.000 pesetas e en 20 puntos porcentuais, quedando situados, respectivamente, en 2.500.000 pesetas e o 40 por 100. Finalmente, no caso de persoas con minusvalidez, elévase o límite absoluto en 300.000 pesetas, quedando situado en 2.500.000 pesetas.

En segundo lugar, prodúcese unha extensión do réxime fiscal dos plans de pensións a aqueles cónxuxes que non traballan fóra do lar familiar. A medida incorporada ó proxecto implica un favorecemento do aforro familiar e responde a unha demanda social existente na actualidade.

Ó respecto, debe sinalarse que os límites de redución por contribucións a plans de pensións se aplican sobre os rendementos obtidos individualmente por cada contribuínte. Isto suscita o problema da imposibilidade de que efectúen contribucións reducibles a plans de pen-